

09. A Ilustración en España (características da Ilustración e do Despotismo ilustrado).

A Ilustración foi un *movemento cultural e ideolóxico moi característico da Europa do século XVIII*. Defendía a *capacidade da razón humana* para descubrir a verdade e as leis da natureza, así como a necesidade de *propoñer e realizar reformas* co obxectivo de incrementar o benestar material do país, mellorar a sociedade e *alcanzar a felicidade social*.

Tanto en España en xeral como no territorio galego en particular, as novas ideas da Ilustración tiveron un *desenvolvemento tardío* se o comparamos con outros lugares de Europa.

Na concreción da Ilustración en España pódense distinguir **dúas etapas**. A primeira, durante os reinados de Felipe V (1700-1746) e de Fernando VI (1746-1759), denominada tamén “protoilustración”, estivo encabezada polos chamados “proxectistas” (por elaborar proxectos para o goberno) e os “anovadores” ou “novatores” (por querer innovar no pensamento e na ciencia), entre os que destacou o pai Feijóo. A segunda etapa, xa plenamente ilustrada e de apoxeo, desenvolveuse durante o reinado de Carlos III (1759-1788), e nela destacaron os ilustrados Campomanes, Floridablanca, Olavide ou, en Galicia, José Cornide Saavedra.

Estas ideas ilustradas foron *aceptadas e promovidas por unha minoría culta* formada por nobres, clérigos, oficiais da Administración e burgueses que tiveron unha enorme influencia política. En liñas xerais, o seu pensamento e propostas caracterizáronse pola *moderación reformista*, tentando compaxinar a crítica e a renovación co pragmatismo e o mantemento da orde sociopolítica establecida. Só uns poucos pensadores foron evolucionando cara posicións máis radicais preliberais.

En síntese, o seu pensamento **caracterizouse por** varios elementos:

- ➔ A **crítica á realidade vixente**, á ignorancia e á falta de cultura, ao atraso técnico e económico, aos prexuízos sociais e ao abuso dos poderosos.
- ➔ O **fomento da educación e da renovación científica** (o que denominaban como as “ciencias útiles”) para superar o atraso existente e modernizar España. Estas ideas concretaríanse na *fundación de escolas técnicas* (como a Escola de Náutica e Comercio na cidade da Coruña) e na *creación das Academias* (da Lingua, de Medicina, de Historia, de Belas Artes...).

- ➔ O **predominio das preocupacións económicas**, tendendo a fomentar e mellorar, con numerosos proxectos e reformas, todos os sectores produtivos (en especial o artesanal e comercial). O obxectivo era **incrementar a riqueza do reino e o benestar** e a felicidade da poboación. Co propósito de contribuír á difusión dos avances científicos e técnicos e de potenciar a economía dunha determinada zona ou rexión crearon as Sociedades Económicas de Amigos do País. No caso galego destacou tamén a creación do Real Consulado da Coruña (1785). Contribuíu moito á divulgación destas ideas e proxectos a prensa, con xornais como *El Censor* ou *El Pensador*.
- ➔ O **recurso ao poder do rei para alcanzar as reformas pretendidas** e afastar tanto os atrancos existentes como a oposición dos sectores tradicionalistas, maioritarios na Igrexa, pero tamén na sociedade en xeral.

Este pensamento levou a boa parte destes intelectuais a defender unha ***nova concepción do poder***, coñecida como **despotismo ilustrado**. Neste sistema, os monarcas debían exercer un poder absoluto, pero este debía empregarse en aumentar a riqueza e o benestar dos seus súbditos, e sendo o rei o que impulsaría e encabezaría dun xeito persoal todas as reformas. Isto resumírase na frase “todo para o pobo, pero sen o pobo”.

Este decidido apoio ao poder real fixo que ***moitos ilustrados formasen parte dos gobernos***, en especial durante o reinado de Carlos III (este foi o caso do marqués da Ensenada, o conde de Aranda...).